



CONVENIO ENTRE A FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIÓNS LABORAIS DA CORUÑA E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE EMPRESA E INNOVACIÓN.

Dunha parte, Carlos Domenech de Aspe, Presidente da Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña (en adiante a Fundación), con CIF G-70041025, e con domicilio na Rúa Leopoldo Alas Clarín número 2, 15008, A Coruña, actuando en virtude das competencias que para convir lle confiren os Estatutos da entidade e a delegación expresa conferida por acordo do seu Padroado.

Doutra parte, Covadonga Toca Carús, en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, IGAPE), con NIF Q6550010J e domicilio en Edificio Igape, Complexo Administrativo San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, na súa calidade de directora xeral, e, en virtude da delegación de facultades conferida na Resolución do 18 de setembro de 2023 (DOG núm. 184, do 27 de setembro de 2023).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

I. Que o Igape creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, é un ente de dereito público adscrito á Consellería de Economía e Industria polo Decreto 49/2024, do 22 de abril, e entre as súas funcións están a promoción, fomento e potenciación de actividades económicas que favorezan o desenvolvemento equilibrado e integrado tanto en termos sectoriais coma territoriais.

II. Que o Igape constitúe un instrumento básico de actuación da administración autonómica galega para impulsar o desenvolvemento competitivo do noso sistema produtivo, promovendo actividades que contribúan á xeración de emprego en Galicia, e ao progreso económico harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo. Corresponde, pois, ao Igape a dinamización da economía de Galicia, impulsando a capacidade de innovación, a explotación das vantaxes propias e dos factores endóxenos, a atracción de inversións, a competitividade da economía e o conxunto de actuacións de asesoramento, promoción, información e apoio cara ao cumprimento dos seus obxectivos.

III. Que o Igape no marco das súas funcións considera que o reforzo das actuacións de divulgación, apoio e fomento, sobranceiramente a través de feiras, mostras ou certames cara a dinamización do ámbito da empresa e do emprego, así como a colaboración coa Oficina Económica de Galicia e a priorización de actuacións que tomen en consideración a análise predictiva, e o estudo de datos, esencial para o futuro do traballo e as empresas de Galicia, constitúen instrumentos relevantes para alcanzar as súas metas.

IV. Que a Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña "Julio Portela Ceballos" créase ao amparo da Lei autonómica galega 7/1983, do 22 de xuño, modificada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro, e o Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Organización e funcionamento do Padroado de Fundacións de Interese Galego. Trátase dunha entidade sen ánimo de lucro e con incentivos fiscais ao mecenado.



V. Que a Fundación dentro do ámbito académico ten atribuída a organización de estudos de Grao, de Máster e Posgrao relacionados cos recursos humanos, xurisdición social, plans de igualdade, ou protocolo e comunicación, ente outros; así mesmo, tamén ven impulsando seminarios e formación permanente, con conferencias sobre cuestións laborais actuais e de Seguridade Social; comunicación e expresión; Políticas Públicas de emprego; servizos personalizados de orientación profesional e asesoramento para o desenvolvemento sociolaboral do alumnado; actividades para o desenvolvemento de competencias profesionais; ou actividades no eido do emprendemento como o encontro Internacional de Mozos Emprendedores.

Entre as iniciativas máis destacadas, ven liderando dende o ano 2020 a Feira de emprego, que xa acadou tres edicións, xerando un impacto positivo na economía local ao facilitar a colocación laboral, fomentar a innovación e o emprendemento, e fortalecer as redes profesionais.

Á súa vez, a Fundación mantén unha estreita relación co tecido empresarial galego, a través de programas de prácticas, proxectos colaborativos e convenios de investigación, o que a consolidou como unha ponte esencial entre o mundo académico e o empresarial. Esta interacción continua permite á universidade comprender as necesidades e desafíos que afrontan as empresas, así como as tendencias emerxentes no mercado laboral. Esta conexión directa e actualizada co entorno empresarial é inestimable para o desenvolvemento do obxecto do convenio, xa que garante que as políticas e recomendacións se baseen en realidades concretas e actuais do sector privado.

Ademais, a súa experiencia na xestión de recursos humanos e relacións laborais permíttelle desenvolver un acompañamento e asesoramento individualizado, personalizado e especializado, fundamental para atender as necesidades específicas de cada empresa ou persoa emprendedora, ofrecendo solucións adaptadas ás súas circunstancias particulares.

Esta interacción fortalece as redes de contacto e cooperación entre o mundo académico, as empresas e as institucións públicas; sinerxías que son esenciais para o intercambio de ideas e recursos, así como para o desenvolvemento de proxectos conxuntos que beneficien a economía galega globalmente.

VI. Que as partes asinantes comparten o interese común na innovación, o desenvolvemento económico sostible e a creación de emprego de calidade, que consideran a clave para o éxito económico na sociedade do século XXI. Neste sentido, o apoio a proxectos que impulsen o crecemento da economía e das políticas de fomento da empregabilidade xeran un impacto positivo nas políticas e estratexias de mellora do entorno empresarial e económico de Galicia.

VII. Por todo o anterior, a subscrición do presente convenio de subvención directa representa o instrumento adecuado de apoio aos obxectivos estratéxicos e ao interese xeral pretendidos polas partes asinantes, circunstancia que determina a dificultade de promover a concorrència pública, para os efectos do establecido no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei.

En definitiva, e cara á consecución dos obxectivos expostos as partes asinantes, de común acordo, declaran a súa vontade de subscribir o presente Convenio con arranxo ás seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Constitúe o obxecto do presente convenio establecer as condicións polas que se rexerá a concesión dunha axuda por parte do Igape á Fundación coa finalidade de desenvolver a Feira pola Empresa e o Emprego 2024.

De xeito complementario ao devandito evento a Fundación levará a cabo unha análise predictiva das tendencias e desafíos que afrontarán as empresas no mercado laboral nun futuro próximo e a longo prazo, co obxectivo de que as empresas e outros axentes económicos poidan anticiparse aos cambios futuros, cunha mellor adaptación e posicionamento ante os ditos cambios. Xunto a isto, achegará a súa visión estratéxica como ponte esencial entre o mundo académico e o empresarial, de especial interese para a Oficina Económica de Galicia como punto de atención centralizado da Xunta de Galicia, dende o que se centralizará a información, atención, e o seu papel determinante no asesoramento, acompañamento e soporte individualizado, personalizado e especializado, entre as empresas con identificación das posibles actuacións que contribúan a favorecer a súa implantación en Galicia.

Estas iniciativas, incluídas no convenio pretenden promover o talento, a innovación e o coñecemento en Galicia, contribuindo de maneira significativa ao desenvolvemento económico e social da comunidade autónoma.

SEGUNDA. ACTUACIÓNS DO CONVENIO

As actuacións específicas que desenvolven o obxecto do convenio, no marco dos obxectivos perseguidos teñen como eixo principal a Feira pola Empresa e o Emprego cuxo obxectivo inmediato é conectar as Empresas cos posibles empregados, así como proporcionar un espazo para que as empresas promocionen os seus produtos, servizos e oportunidades de negocio. A Feira facilitará o intercambio de información, networking e desenvolvemento profesional e empresarial. Tamén contribúe ao desenvolvemento do talento e a competitividade empresarial, promovendo un entorno dinámico e colaborativo.

A Feira pola Empresa e o Emprego, pretende ser un evento integral que ofrezca oportunidades valiosas para a conexión, o crecemento profesional e o desenvolvemento empresarial, ao contar cun espazo de encontro entre estudantes/egresados, e poboación nova interesada en coñecer a oferta do mercado laboral, e as empresas que buscan perfís para incorporar nas súas organizacións, propiciando o acercamento das persoas candidatas e as empresas aos procesos de selección e así poder detectar ao mellor talento.

Este espazo de encontro ten como obxectivo promover accións que melloren a empregabilidade da poboación nova, ofrecendo as ferramentas e oportunidades necesarias para a busca de emprego.

Así, a Feira pola Empresa e o Emprego organízase en torno aos stands, obradoiros e Mesas Redondas, a zona networking e de startups, e paneis de discusión.

As empresas e entidades de diferentes sectores convidadas participarán en stands (nos que participarán aproximadamente 30 entidades), que lles servirán como carta de presentación, sendo o espazo no que poderán presentar os seus servizos e produtos e recibir ás persoas candidatas.

Paralelamente realizaranse encontros empresariais cuxo obxectivo será tratar temáticas na procura de coñecer as competencias que na actualidade se requiren no ámbito laboral.

Os obxectivos principais da Feira pola Empresa e o Emprego son, pois, conectar as Empresas coa Escola de RRL, facilitando o encontro entre empresas que buscan novos perfís profesionais; o acercamento do mundo empresarial a Escola mediante a promoción de empresas e creando un espazo para que profesionais e empresarios se conecten, intercambien ideas e establezan relacións comerciais e profesionais.

De xeito complementario ao desenvolvemento da Feira, e tendo esta como referencia principal, a Fundación levará a cabo unha iniciativa destinada a estudar, analizar e prever as tendencias e desafíos que afrontarán as empresas no mercado laboral nun futuro próximo e a longo prazo. O seu obxectivo é proporcionar información e ferramentas valiosas que axuden as empresas, académicos e outros axentes a adaptarse aos cambios futuros. Así, cómpre destacar como principais labores que se van desenvolver as seguintes:

- ✓ Identificar e analizar as tendencias emerxentes que poden afectar ás empresas no futuro, como a dixitalización, a globalización, a sostibilidade e a evolución do consumidor.
- ✓ Realizar un seguimento constante das tendencias e cambios no mercado laboral e empresarial a nivel local, rexional e internacional.
- ✓ Fomentar a innovación no ámbito laboral e empresarial proporcionando información sobre novas tecnoloxías, modelos de negocio e prácticas de xestión.
- ✓ Axudar ás empresas a desenvolver estratexias a longo prazo que lles permitan ser máis resilientes e competitivas fronte aos cambios futuros.
- ✓ Crear condicións para a xeración de emprego de calidade.

A consecución deses obxectivos esixe centrarse como áreas destacadas na transformación dixital, co estudo do impacto das tecnoloxías dixitais (IA, Big Data, IoT, blockchain) nos modelos de negocio, procesos produtivos e relacións cos clientes; a sostibilidade, a través da análise de como as empresas poden integrar prácticas sostibles e responsables para afrontar desafíos medioambientais e sociais; avaliación dos cambios demográficos, o seu impacto no envellecemento da poboación e a diversificación da forza laboral, na xestión empresarial e no mercado de traballo; a innovación e emprendemento, fomentando o desenvolvemento de novas ideas, produtos e servizos, e apoio aos emprendedores na creación e crecemento dos seus negocios; e a análise da regulación e as políticas públicas, o seu impacto no entorno empresarial, propoñendo melloras para facilitar o desenvolvemento empresarial.

Os beneficios desta análise traduciranse na axuda ás empresas e ás persoas traballadoras a prepararse e adaptarse proactivamente aos cambios futuros, proporcionando datos e análises que facilitan a toma de decisións estratéxicas baseadas na evidencia; empregando ferramentas e metodoloxías como a realización de enquisas e estudos de mercado específicos para recoller información directa das empresas e persoas traballadoras, a colaboración con institucións como as universidades, centros de investigación, cámaras de comercio e outras organizacións para enriquecer a análise e a difusión de información. Ou a publicación de informes periódicos xerados que resuman os achados e recomendacións sobre as tendencias futuras. Todo o cal redundará en que as empresas sexan máis competitivas e resilientes fronte a un entorno empresarial dinámico e en constante cambio.

Así, prepararanse e publicaranse informes sobre as tendencias económicas e empresariais, e realizaranse tamén estudos, análises e recomendacións en publicacións especializadas. A organización de conferencias, seminarios e webinars sobre temas relevantes para o



futuro das empresas; paneis de expertos para discutir tendencias emerxentes e compartir coñecemento; obradoiros prácticos para empresas sobre temas como dixitalización, sostibilidade e innovación, ou a creación de espazos de aprendizaxe interactiva para desenvolver habilidades específicas.

Especialmente, poñerase o foco nas redes profesionais, creando redes de contacto entre empresas, emprendedores, académicos e responsables de políticas públicas que servirán para facilitar encontros e eventos de networking para fomentar a cooperación e o intercambio de ideas.

Tamén formará parte da actividade, a realización de campañas de comunicación e divulgación de información e dos resultados da investigación a través de diversos medios ou de sensibilización sobre temas críticos para o futuro das empresas. Colaborando ademais con medios de comunicación para publicar artigos e análises, e complementado co uso de plataformas dixitais e redes sociais para chegar a un público máis amplo.

Finalmente, e partindo do novo modelo de relación coas empresas, que supón a Oficina económica de Galicia, configurada como punto de atención centralizado e singular da Xunta de Galicia para facilitar e axilizar a implantación, posta en marcha e desenvolvemento das iniciativas empresariais na nosa Comunidade, mediante a prestación de servizos de información, atención, asesoramento, acompañamento e soporte individualizado, personalizado e especializado e mediante a coordinación co resto de consellerías, a Fundación vai a incorporar a súa visión estratéxica como ponte esencial entre o mundo académico e o empresarial, especialmente relevante para a Oficina Económica.

A Oficina Económica de Galicia vai desempeñar un papel crucial no coñecemento e na mellora do tecido empresarial galego, proporcionando datos e análises que permiten tomar decisións informadas e eficaces para o desenvolvemento sustentable na Comunidade Autónoma.

A tal fin, a Fundación supón unha canle de comunicación permanente entre os aspectos máis propios do ámbito do estudo e a investigación, e os ámbitos empresariais e económicos, que o sitúan como axente cualificado para a Oficina Económica de Galicia mediante a identificación de posibles actuacións que contribúan a favorecer a implantación de empresas en Galicia, e a difusión e sensibilización entre estas das posibilidades que a Oficina lles ofrece.

TERCEIRA. GASTOS ATENDIBLES

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os investimentos que, sen admitir dúbida, respondan á implementación e desenvolvemento das actividades descritas na cláusula anterior e, en definitiva, á consecución do obxecto do convenio.

Requisitos dos gastos con cargo ao convenio:

1. Os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados dentro do ano 2024 e, polo tanto, investimentos realizados a partir do 1 de xaneiro de 2024 e ata o 10 de decembro de 2024.
2. O importe do IVE (Imposto do Valor Engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación. Nembargantes o anterior, o IVE vinculado aos investimentos elixibles, terá tamén a consideración de gasto elixible se a



entidade acredita a súa exención expresa mediante certificación ao respecto da AEAT ou que tendo pagado o IVE, este non é susceptible de recuperación ou compensación ningunha por parte da entidade. Esta acreditación farase mediante Certificado de Situación Censual expedido pola AEAT no cal se poña de manifesto que a entidade non realiza declaracións, liquidacións ou autoliquidacións deste imposto, acompañado de certificado da AEAT de que se atopa ao corrente das súas obrigacións tributarias, ambos a data de peche da correspondente certificación de gastos. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación de AEAT que acredite que non presentou a Declaración Anual do Imposto sobre o Valor Engadido.

3. Cando o importe do gasto externo sexa igual ou superior a 15.000 € + IVE (ou a 40.000 € + IVE no caso de obras) a Fundación deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores sen que entre eles poida existir vínculo societario, laboral ou de calquera índole de dependencia, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. No suposto mencionado anteriormente, a elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Asemade en calquera de ámbolos supostos precisarase polo menos a aprobación ex ante do Igape deses gastos e ulterior xustificación e ratificación no Comité de Seguimento do convenio.

4. En relación cos gastos de persoal, presentarase as nóminas asinadas pola persoa traballadora, os boletíns de cotización á Seguridade Social debidamente validados, e os documentos de ingreso en facenda das retencións practicadas en concepto de IRPF (Modelo 111 trimestral e modelo 190 do resumo anual).

5. No caso de pagamento a persoas físicas que presten servizos retribuídos, de aboamento de axudas de custo ou ponencias, a entidade beneficiaria estará obrigada á retención do imposto sobre a renda de persoas físicas (IRFP), cos límites e as excepcións que establece a lei e o regulamento do imposto ou, no seu caso, as disposicións regulamentarias en vigor, debendo acreditar o ingreso en Facenda destas retencións coa presentación dos modelos 111 e 190.

6. Todos os gastos xustificandos pola Fundación deben axustarse a prezos de mercado, polo que podería solicitarse unha auditoría sobre os gastos xustificandos, no caso de que non exista outro patrón de público coñecemento que permita establecer o dito axuste.

7. O Igape farase cargo dos gastos obxecto do convenio tendo en conta como máximo a contía prevista na cláusula seguinte, e co detalle establecido para cada unha das actividades do convenio no Anexo I.

Na execución dos gastos realizados, poderanse admitir variacións de ata o 20% en cada partida definida no Anexo I; no caso que a execución final sexa inferior ao previsto, a achega do Igape reducirase proporcionalmente. En ningún caso a contía económica do Igape superará os cento trece mil euros (113.000,00 €).

A subvención regulada neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entidade, pública ou privada, sempre que non se incorra en dobre financiamento. En todo caso, deberá quedar identificada nitidamente a trazabilidade dos gastos e a persoa beneficiaria deberá comunicar á Administración que conceda a subvención a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade.



CUARTA. COMPROMISOS DO IGAPE

Para a consecución do obxecto do presente convenio o Igape contribuirá cun máximo de cento trece mil euros (113.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 09.A1.741A.7810 para o ano 2024, (Código de Proxecto 2015 00016). O anexo I "Memoria Económica" detalla a aplicación desta achega.

Partida Orzamentaria	2024	Total
09.A1.741A.7810	113.000,00 €	113.000,00 €

En todo caso, a achega do Igape para posibilitar a realización das actuacións só cubrirá o custo de realización das actividades sen que a Fundación obteña beneficio ou lucro industrial algún coas mesmas.

- ❖ Igape deberá especificar a participación nas actividades públicas ao abeiro do convenio dos representantes da Xunta de Galicia, das súas Consellerías ou departamentos e do propio Igape, cunha antelación mínima de 10 días naturais antes da data prevista de celebración.
- ❖ No marco deste convenio, o Igape difundirá o proxecto a través das canles que, estando ao seu alcance, considere oportunos.

QUINTA. COMPROMISOS DA FUNDACIÓN

- ❖ A Fundación responsabilízase de executar as actuacións previstas na cláusula segunda.
- ❖ A Fundación participará na difusión das actividades, asegurando a súa presenza nas actividades de comunicación que se organicen.
- ❖ A Fundación deberá desenvolver as actividades obxecto do convenio e xustificar a súa realización ante o Igape para percibir o pagamento previsto na cláusula seguinte.
- ❖ A Fundación difundirá a colaboración do Igape en todas as manifestacións públicas que realice.
- ❖ A Fundación comprométese a levar contabilidade separada das contas correspondentes á actuacións obxecto do convenio nas que se poderá comprobar o seu destino na procura das actuacións.

SEXTA. DISPOÑIBILIDADE DOS RESULTADOS E CONCLUSIÓNS DAS ACTUACIÓNS REALIZADAS.

Os diversos datos, análises, estudos e as conclusións e determinacións orientativas resultantes en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio será de uso e titularidade da persoa beneficiaria da axuda. Así mesmo, calquera dereito de propiedade industrial e intelectual sobre o material que resulte das actuacións do presente convenio será de titularidade da dita persoa beneficiaria.

Sen prexuízo do anterior, a propia persoa beneficiaria poderá autorizar que o Igape e a Consellería de Economía e Industria, no cumprimento dos seus fins institucionais, utilicen libre e gratuitamente os traballos, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións



de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

SÉTIMA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Conforme ao estipulado no artigo 60 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Igape efectuará o pago da cantidade estipulada no convenio á Fundación previa comprobación da realización do seu obxecto e unha vez validada a documentación xustificativa presentada no Igape.

O aboamento da achega do Igape requirirá a previa solicitude do pagamento mediante a presentación das facturas aboadas por parte da Fundación, comprensiva dos custos incorridos e demais documentación xustificativa, que serán presentadas ao remate das actuacións, achegando informe das actuacións realizadas que acredite o dito cumprimento, ademais dos documentos xustificativos previstos nesta cláusula.

A data límite de xustificación será o 10 de decembro de 2024.

A liquidación presentarase vía electrónica, na oficina virtual do Igape na páxina <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>, en particular a través do código de procedemento PE001, achegando as copias dixitalizadas da documentación que se relacionan a continuación.

A Fundación responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

A liquidación estará integrada por:

1. Facturas aboadas segundo o modelo do Anexo II: acompañadas da relación clasificada dos gastos presentados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento; na que tamén se solicita o pagamento.
2. Informe das actuacións realizadas.
3. Declaración responsable da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento, tamén incluída no Anexo II.
4. Declaración responsable da persoa que asina a solicitude, en representación do organismo, de que a documentación que se presenta en copias constitúen unha reprodución exacta dos orixinais, os cales lle poderán ser requiridos polo Igape, incluída tamén no Anexo II. Excepcionalmente, cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Igape poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada para o cal se lle poderá requirir a exhibición do documento orixinal.
5. Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que a Xerencia do Igape realice estas consultas polos seus propios medios. De acordo coa cláusula décimo segunda deste convenio, a Fundación autoriza a realización desta petición.



6. De ser o caso, declaración responsable asinada polo representante legal con poder suficiente, doutras axudas de carácter público ou privado para os mesmos gastos obxecto deste convenio ou, se é o caso, ausencia das mesmas.

7. Documentación xustificativa da realización e pagamento do 100% dos gastos:

- ❖ Xustificación dos gastos mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no punto anterior e xustificante bancario do seu pagamento. Deberase entregar declaración expresa de que as persoas ou entidades subcontratadas para as actividades obxecto da colaboración non teñen vinculación societaria empresarial co organismo que realiza a contratación.
- ❖ Para a consideración do IVE como gasto atendible, de ser o caso:
 - No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE): Certificación da AEAT de exención do IVE ou
 - Se tendo pagado o IVE, este non é susceptible de recuperación ou compensación ningunha por parte da entidade: Certificado de Situación Censual expedido por AEAT na cal se poña de manifesto que a entidade non realiza declaracións, liquidacións ou autoliquidacións deste imposto acompañado de certificado da AEAT de que se atopa ao corrente das súas obrigacións tributarias, ambos a data de peche da correspondente certificación de gastos. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación da AEAT que acredite que non presentou a Declaración Anual do Imposto sobre o Valor Engadido.

8. Calquera outra documentación ou material que a Fundación considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

Requisitos:

- Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.
- Os gastos deben estar realizados dentro do prazo establecido no convenio, que finaliza o 10 de decembro de 2024.

O Igape abonará Fundación o 100% dos custos xustificados, cos límites do Anexo I, e da contía máxima da achega económica recollida na cláusula cuarta.

Considerarase unha execución deficiente do convenio aquela que non acade un 51% de execución do convenio. Neste caso, resolverase o convenio de conformidade co previsto na cláusula seguinte, ante o incumprimento das obrigas e compromisos asumidos pola Fundación.

A Fundación manterá á disposición do Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como a Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, a conta de explotación segregada correspondente aos medios obxecto do convenio así como todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos para o fin dunha verificación *in situ*, ben por medios propios ou mediante auditor externo.



OITAVA. VIXENCIA E CAUSAS DE RESOLUCION

Establécese como prazo de vixencia desde a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2024.

O convenio non é susceptible de prórroga.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos pola Fundación. Neste caso, o Igape poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Así, o incumprimento total dos fins do convenio, a non realización das actividades previstas ou o incumprimento da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da contía xa percibida.

Calquera outro incumprimento parcial dos fins do convenio ou da obriga de xustificación, dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro ao Tesouro da Xunta de Galicia das contías xa aboadas na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que esta dispuxese.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a subscrición do convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar a modificación da contía contemplada no presente convenio.

NOVENA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase una Comisión Mixta de Seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes do Igape e dous da Fundación, que se reunirá regularmente unha vez cada trimestre en sesións ordinarias e a petición dunha das partes de darse circunstancias extraordinarias que así o aconsellaran. A dita Comisión estará presidida por un dos representantes do Igape que terá voto de calidade, agás en decisións de adxudicación ou contratación que impliquen condicións gravosas para a Fundación que se tomarán por unanimidade. Asistirá sen voto un técnico para levantar acta das sesións. Asemade, tamén sen voto, poderá asistir ás reunións da Comisión o persoal de apoio aos representantes das entidades que se consideren convenientes.



Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, co capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA. MODIFICACIÓNS

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación só poderá ter por obxecto a redución do volume das obrigas ou a redistribución entre os investimentos previstos. Os conceptos que conforman o obxecto do convenio só serán modificables cando estean debidamente xustificados e previa aprobación da Comisión de Seguimento, e sempre que sexan cambios para o cumprimento dos seus obxectivos.

Toda alteración nas accións que se van realizar, agás as sinaladas no parágrafo anterior, deberá ser obxecto de autorización polo Igape e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. PUBLICIDADE

A Fundación dá consentimento expreso a Igape para:

- a) O tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web do Igape, así como no *Diario Oficial de Galicia*, coas excepcións previstas na normativa vixente en materia de protección dos datos de carácter persoal.
- b) Incluír e facer público, a través do Portal de Transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.
- c) O cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións polo que a información relativa ao convenio requirida no ordinal oitavo do devandito artigo 20 será comunicada á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

DÉCIMO SEGUNDA. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS E AUTORIZACIÓNS

En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPd) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE nº 294, do 6 de decembro), o acceso a datos de carácter persoal contidos en ficheiros titularidade da Fundación, supón a adquisición da condición de encargados do tratamento e comprométese a:

- Non utilizar nin tratar datos de carácter persoal con finalidade distinta á execución deste convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir ningunha información acerca dos datos.



- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.
- Ao termo da relación, por calquera causa, os datos de carácter persoal aos que tivesen tido acceso as restantes partes, deben ser destruídos ou devolverse á Fundación, incluíndo calquera soporte ou documento.

O incumprimento destas obrigas fai responder ás restantes partes das infraccións que cometa coma se ocupase a posición de responsable do tratamento.

O Igape responde fronte á Fundación do cumprimento destas obrigas polas persoas que na súa representación participen de calquera modo na execución deste convenio.

A Fundación autoriza ao Igape á obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

DÉCIMO TERCEIRA. RESPONSABILIDADE

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e o Igape, de tal xeito que non se poderá esixir a este Instituto responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

DÉCIMO CUARTA. NATUREZA E RESOLUCION DE CONFLICTOS

O presente convenio ten carácter administrativo e asínase ao abeiro dos artigos 19.4 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, rexéndose para os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e polas previsións do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal, e demais normativa de aplicación.

Ambas partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de Seguimento, calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio. Non obstante, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola dita Comisión de Seguimento quedarán sometidas á orde xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio o 5 de novembro de 2024.

Polo Igape

Pola Escola Universitaria de Relacións
Laborais de A Coruña

Covadonga Toca Carús

Carlos Domenech de Aspe



ANEXO I: MEMORIA ECONÓMICA

CONVENIO ENTRE A E A FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIÓNS LABORAIS DA CORUÑA E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE EMPRESA E INNOVACIÓN

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio o Igape contribuirá cun máximo de 113.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 09.A1.741A.7810 para o ano 2024, (Código de Proxecto 2015 00016).

Partida Orzamentaria	2024	Total
09.A1.741A.7810	113.000,00 €	113.000,00 €



O desglose detallado do orzamento das actuacións a desenvolver é o seguinte :

ORZAMENTO DOS PROXECTOS

1. FEIRA POLA EMPRESA E O EMPREGO	
Persoas que participarán no desenvolvemento da actividade	20.909,94 €
TOTAL	20.909,94 €
Gastos de profesionais da Feira pola Empresa e o Emprego	
Consultaría protocolo e organización eventos	1.500 €
Servicio de azafatas	300 €
Ponentes	6.900 €
TOTAL	8.700,00 €
Difusión e divulgación da Feira	
Dípticos, carteis para a campaña de difusión	1.000 €
Roll-up	500 €
Elaboración de páxina web para a xestión e organización do evento	12.000 €
Merchandaising. Bolsas de tea que se repartirán na feira ás persoas asistentes	1.000 €
Cobertura da feira en medios de comunicación, prensa e radio	4.800 €
TOTAL	19.300 €
Planificación da Feira	
Planificación da Feira	
Acto de benvinda, coffe break	1.000,00 €
Cóctel acto de clausura	1.500,00 €
TOTAL	2.500 €
Materiais	
Pantalla Led, Son, Iluminación	4.000,00 €
Alugueiro do mobiliario	2.905, 00 €
TOTAL	6.905 €
TOTAL GASTOS :	58.314,94 €
2. ANÁLISE PREDICTIVO PARA O FUTURO DO TRABALLO E DAS EMPRESAS DE GALICIA	
CONCEPTO	TOTAL (EUROS)
Gasto dos profesionais participantes	49.200 €
Elaboración, deseño, Impresión da Revista	3.000, €
Asistencia a Congresos	2.490 €
TOTAL	54.690 €
TOTAL GASTOS	54.690
3. COLABORACIÓN COA OFICINA ECONÓMICA DE GALICIA	
SEN CUSTO	
ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO	113.000 €



Na execución das actuacións que se van desenvolver poderanse admitir variacións de ata o 20% en cada partida definida na táboa anterior, e no caso de que a execución final sexa inferior ao previsto, a achega do Igape reducirase proporcionalmente. En ningún caso a achega do Igape superará os 113.000,00 €.



ANEXO II
CERTIFICACIÓN DE GASTOS

CONVENIO								DOCUMENTOS DE PAGO			
IGAPE-Fundación											
Actuación	CONCEPTO	Nº FACT. / DOCUM	DATA	NOME DO PROVEDOR	Descrición/ Concepto	IMPORTE TOTAL CON IVE	IMPORTE IMPUTABLE AO CONVENIO	DATA	IMPORTE	CONTA CARGO	ENTIDADE FINANCEIRA
TOTAL											

Don/Dona _____ con NIF nº _____, actuando en nome e representación da entidade arriba indicada,

EXPÓN:

Que no período comprendido entre o _____ e o _____ incorreu e asumiu investimentos que comprenden conceptos e importes atendibles no convenio de referencia por un importe de _____ euros. Os gastos pagados ou facturados reflíctense fielmente na contabilidade da empresa.

Que para a tramitación desta certificación de gastos presenta a documentación requirida no convenio.

DECLARA:

- Que os datos consignados nesta certificación son certos. A falsidade do declarado determinará a imposibilidade de percibir, de ser o caso, os dereitos recoñecidos no procedemento administrativo desde o momento en que se teña constancia da falsidade, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.
- Que a seguinte conta bancaria, da ca é titular a entidade de referencia, é a especificamente designada aos efectos de cobramento da contribución do Igape”, ao obxecto do convenio entre a Fundación e o Igape para a execución de actividades 2024.

Entidade	Sucursal	D.C.	IBAN

- Que as copias dixitalizadas presentadas no expediente constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais.

E por todo iso,

SOLICITA:

Que lle sexa aboada á entidade arriba indicada o importe de _____ euros (100% do importe anterior), ingresándose conta bancaria anteriormente designada.

_____, _____ de _____ de _____
(Sinatura do/a representante)